

Concello de Marín

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2020

Estimado/a Alcalde/sa:

Este ano 2020 a aparición da pandemia do coronavirus COVID-19 orixinou a declaración do estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo (publicado no BOE de 14 de marzo de 2020), que incidiu nas actuacións en materia de prevención de incendios forestais polos particulares. En todo caso, ao ter a consideración de actividade esencial non se limitou en ningún momento a posibilidade ser executada por profesionais, empresas e Administracións.

Por outra banda, o Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop) do 25 de abril de 2020, relativo ao prazo previsto no artigo 22.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data de 27 de abril de 2020 por Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en canto á obriga de xestión de biomasa permite a roza e a xestión da biomasa por parte das persoas propietarias nas parcelas das que son titulares nas faixas secundarias.

Ademais, o devandito acordo ampliou para este ano o período voluntario para a xestión da biomasa, ata o 16 de xullo de acordo co previsto na resolución da Consellería do Medio Rural do 28 de abril de 2020 relativa ao prazo previsto no artigo 22.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, en cumprimento do Acordo do Cecop do 25 de abril, publicada no DOG de data 29 de abril.

O convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, ao que o seu Concello está adherido, recolle unha serie de medidas preventivas de gran calado en materia de apoio técnico e financeiro para actuacións preventivas de competencia municipal.

En materia de actuacións sobre o territorio, é inminente a sinatura dunha terceira addenda ao citado convenio que facilitará en gran medida a execución de accións preventivas por Seaga (como executor do Sistema público de xestión de biomasa creado polo convenio), previa petición formulada polos Concellos á Dirección Xeral de Defensa do Monte, petición que trasladará á Comisión de Seguimento do Convenio para a súa aprobación.

Dado que a tramitación desta terceira addenda ao convenio está moi avanzada, poden xa incluírse todas as accións seguintes nas peticións dos Concellos.

1. Ata un máximo de 10 ha anuais de accións subsidiarias con cargo ao convenio.



Xacobeo 2021





Requisitos: Ter tramitados os expedientes de acción subsidiaria para poder ser executados por Seaga.

2. Ata un máximo de 10 km anuais de vías de titularidade municipal (pistas de polo menos 5 m de largo con cunetas e estradas asfaltadas). Nas devanditas vías realizarase unha roza de 4 ou 6 metros a cada lado, en función de se o concello está (6 m) ou non está (4 m) incluído nas Zonas de alto risco de incendios (ZAR), retirando os pinos, acacias e eucaliptos.

3. Iniciativas estratéxicas.

Anualmente cada Concello adherido poderá presentar un núcleo de poboación (dous no caso de que o Concello inclúa dentro do seu termo municipal superficie incluída na Rede Natura 2000, nun Parque Natural ou no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia).

Os devanditos núcleos de poboación deben estar en condicións de risco por incendios forestais. No caso de ter unha única vía de acceso ou saída practicable para vehículos tipo turismo, pode actuarse como segue:

- O Concello debe dispoñer da cesión ao Banco de Terras dos propietarios que representen, canto menos, o 70% da superficie da faixa secundaria do núcleo de titulares coñecidos. A estes efectos o 70% calcularase sobre a parte de faixa secundaria que, conforme á Lei 3/2007, de 9 de abril, precise de xestión de biomasa
- Nas fincas obxecto de cesión ao Banco de Terras, Seaga realizará a xestión da biomasa sen custos para os propietarios.
- Nas fincas non cedidas ao Banco de Terras os propietarios poden asinar con Seaga un contrato moi vantaxoso de xestión da biomasa por importe de 35 € anuais cada 1000 m² de parcela a xestionar.
- No caso citado dunha única vía de acceso e de saída, poderá solicitarse ata 1 km de actuación con cargo ao convenio nas mesmas condicións que as vías de titularidade municipal, recollidas no punto 2.
- No caso de presentar dúas iniciativas estratéxicas en dous diferentes núcleos de poboación, a solicitude poderá incluír ata 2 km de vías de acceso entre os dous núcleos podendo nun deles superar o quilómetro de lonxitude total, nas mesmas condicións que as vías de titularidade municipal, recollidas no punto 2.

En resumo no seu Concello pode solicitar para este ano 2020:

- Ata 10 ha de acción subsidiarias
- Ata 10 km de actuacións en vías de titularidade municipal.
- 1 ou 2 iniciativas estratéxicas de protección de núcleos de poboación.
- Actuacións nas parroquias priorizadas.



Todas as accións levaríanse a cabo con cargo íntegro ao Convenio no que supón en si mesma unha forte actuación preventiva municipal.

Recórdolle que todas as actuacións solicitadas polos Concellos adheridos cumprindo os requisitos expostos serán levadas á Comisión de seguimento do convenio para a súa toma en consideración e aprobación, se procede, pero en todo caso é necesaria e imprescindible que se remita a correspondente solicitude.

Anímolle a promover as devanditas actuacións preventivas no seu Concello como aplicación efectiva dos compromisos que como Administracións adquirimos ao subscribir o Convenio, e así mesmo e non menos importante, para mellorar a seguridade dos veciños dese Concello fronte aos incendios forestais.

O persoal técnico de Seaga estará á súa disposición para resolver as dúbidas e cuestións que precise aclarar a través das seguintes vías:

Correo electrónico: conveniobiomasa@epseaga.com

Teléfono: 881 997 319

Atentamente,

O Director Xeral de Defensa do Monte

Tomás Fernández-Couto Juanas

(Asinado dixitalmente)



Xacobeo 2021

